JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ PRESIDENTE DO CONSELLO DE RIBEIRA SACRA

▶ A José Manuel Rodríguez tocoulle nacer no berce da Ribeira Sacra e a vida quixo que fose o presidente do consello regulador da denominación. Tras moitos anos de esforzo recoñece que as metas logradas foron nalgún momento impensables.

«O viño é a columna vertebral, a esencia da Ribeira Sacra»

TEXTO: ANA RODIL
FOTO: TOÑO PARGA

DE VOZ franca, frases cortas e as veces un chisco cortantes José Manuel Rodríguez chegou á presidencia do consello regulador da denominación de orixe Ribeira Sacra «por casualidades e circunstancias da vida». Co tempo convertiuse nun referente dentro do mundo da viticultura e detrás da tarefa de xestor e cabeza visible que lle impón o seu cargo adiviñase sen moita dificultade un viticultor de a pé que atopa en traballar as vides coas súas propias mans unha das grandes satisfacciónes da vida.

Están as orixes de José Manuel Rodríguez no mundo do viño?

As miñas e as de calquera que sexa de Doade (Sober). Coma o resto dos meus veciños eu crieime neste mundo e empezei nel de xeito profesional da man de Rectoral de Amandi, cando esa adega puña en marcha, no 1988, un proxecto moi ambicioso para a zona de Amandi.

E está o inicio da denominación de orixe Ribeira Sacra en José Manuel Rodríguez?

Ese orixe estivo en moita xente. A idea da denominación naceu coas feiras do viño, cando un grupo de persoas entre as que estaba eu se plantexaron crear os Viños da Terra que foron o primeiro paso para a denominación. No 1991 creouse o consello regulador dos Viños da Terra, no 93 fixose o reglamento e o recoñecemento de denominación foi no 1996.

Dende aquelas asumiu vostede a presidencia do consello. Buscou o cargo ou veu dado?

Foi un cúmulo de circunstancias da vida. Había que nomear a un presidente entre todos os que estabamos alí, eu propuxen a un compañeiro e outro compañeiro propúxome a min, e o final quedei eu. Pero iso é algo anecdótico e secundario.

Falar hoxe de Ribeira Sacra e falar de viño, paisaxe, territorio e forma de vida. Pero nestas mesmas páximas Xosé Manuel Silva, director de Investigación da UE, dicía que é mérito da denominación que o nome de Ribeira Sacra esté onde está, que foi a denominación quen o puxo en valor e lle deu sentido.

É imposible non estar dacordo con iso. Está claro que hoxe Ribeira Sacra implica moitas cousas pero a columna vertebral da Ribeira Sacra é o viño. O viño é o gran dinamizador do desenvolvemento turístico e da paisaxe.

Pero sempre se fala de vender Ribeira Sacra en conxunto.

E eu son o primeiro que defendo iso, pero tendo en conta que o viño é a esencia. Temos un símil claro e un exemplo a seguir na Rioxa. Ese nome implica un territorio, unha personalidade e outros elementos como conservas, espárragos... pero de primeiras significa viño e todo xorde arredor diso.

Sempre estivo á fronte do consello regulador da denominación, como valora a traxectoria do ente?

Como se di na ensinanza "progresamos adecuadamente". Esto require o traballo diario de moita xente que para min xa tivo un froito moi claro: que un grupo moi amplo de xente se identifica coa identidade da Ribeira Sacra.

O consello tamén tería os seus atrancos.

O primeiro deles, a incredulidade das administracións, aínda que non de toda a xente das administracións. Moitos pensaron que eramos uns tolos e uns ilusos pero iso aínda nos deu máis forza, máis ilusión e fixo que o os logros nos recorfortasen máis e se traballase máis polo territorio.

Tamén houbo que traballar moito cos viticultores.

Fixose un traballo moi forte en adaptarse á realidade do mercado. Houbo que desterrar certas variedades de uvas brancas e outras coma o alicante e o moratón nas

De preto

«As cepas son sen ningunha dúbida a miña mellor amante»

Que fai José Manuel Rodríguez cando non está co consello regulador?

Traballar a miña propia viña e a miña adega de Doade.

Que lle aporta a viticultura?

As cepas son sen dúbida a miña mellor amante. Para min non é un traballo é unha delicia que me fai sentir ben.

Ten outras afeccións?

Claro, camiñar e coñecer novos territorios. Disfrutar do territorio paso a paso, de todos os seus detalles, da súa cercanía.

Queda cun lugar especial dalgúns deses territorios?

O lugar do mundo do que nunca me canso e Cinque Terre, na rexión italiana da Liguria. É tamén unha zona de viticultura en pendente declarada patrimonio da humanidade e é realmente espectacular.

Vai a miúdo?

Tento ir cada tres ou catro anos. Eu souben desa zona polo traballo pero é realmente espectacular porque as viñas son moi pendentes e ó fondo en lugar de estar o río coma ocorre aquí está o mar. Non está nada masificado, hai moitas calas pequenas e moito acantilado e un sendeiro une os cinco pobos que hai na zona. É un paseo moi fermoso.

Podería elexir un viño?

Elexiría o viño como bebida en xeral e como maneira de coñecer un lugar. Tomo o viño do lugar onde estou.